



**MEMORIA XUSTIFICATIVA CONTRATO DE OBRAS DE “PROXECTO DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE ACCESO AO POLIGONO INDUSTRIAL DE PORTOMARIN”,**

Expediente núm.: 371/2019

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado

Publicidade: Perfil do Contratante.

A presente memoria xustificativa emítese polo Presidente do Concello de Portomarín coma órgano de contratación conforme ao preceptuado na Disposición Adicional Segunda apartado primeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Análise previa:**

A mellora nas infraestruturas de acceso ao polígono industrial aumenta as posibilidades de asentamento de empresas dentro do polígono industrial ao mesmo tempo que se intenta mellorar as prestacións básicas.

Debido a que neste concello o tecido de solo industrial é moi escaso con estas melloras incrementar as prestacións básicas nas parcelas existentes dentro do polígono industrial de Portomarín, visto que o concello consegue a financiación do 80% do investimento por parte da Xunta de Galicia e o resto aportación do concello de Portomarín para o financiamento das obras.

**Denominación do investimento:**

“Mellora nas infraestruturas viarias de acceso ao polígono industrial de Portomarín”

**Obxecto:**

O contrato en cuestión refírese á construción de unha plataforma de 2,00 m de anchura con acabado en formigón, encintada con bordo, para beirarrúas peonís, e dotación de canalización soterrada de saneamento (pluviais e residuais) e canalización soterrada de R.B.T. e telecomunicacións, xa que as instalacións de abastecemento de auga e alumeadado público son existentes e discorren por a marxe oposta da vía, en base ao proxecto de referencia.

**Orzamento máximo do contrato:**

O Orzamento máximo do contrato, IVE excluído, 78.772,47 euros. Dito orzamento foi elaborado acorde coas seguintes premisas:

- O prezo debe abarcar todas as actuacións necesarias para que o investimento sexa funcional e cumpra coa finalidade que ten prevista.
- O prezo base de licitación calculado debe ser adecuado aos prezos actuais de mercado e compatible cos escenarios orzamentarios dispoñibles.
- A xustificación dos prezos, incluídos os custes salariais, está dispoñible no proxecto e nos informes que obran no expediente. No proxecto figura o Anexo de xustificación de prezos e cálculo dos custos indirectos.

**Financiamento:**

A financiación do investimento é a seguinte:

Financiación:

80% Consellería de Economía, Emprego e Industria. (76.251,74 €)

20 % Fondos Propios (19.062,95 €)

Importe: 95.314,69 euros.



**Natureza do contrato:**

Contrato de obras segundo o artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Finalidade:**

Dar resposta e impulsión a creación de actividades industriais no polígono de Portomarín.

**Procedemento:**

Coa presente licitación preténdese garantir a igualdade de todos os licitadores, e optar pola proposta que mellor se adapte ao obxecto previsto no proxecto de obras, e a presente memoria remítese ao devandito proxecto en todo o que se refira á xustificación da execución técnica, prezos de mercado e valor estimado do contrato que resulta.

Óptase polo procedemento aberto simplificado para garantir que todo empresario interesado poida optar a presentar oferta, segundo o establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**División por lotes:**

Non procede a división por lotes, segundo informe técnico de 28 de xuño de 2019, que obra no expediente, polos seguintes motivos:

- a) Dificultade da correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico, xustificada en que: Considerase que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo por interferencias entre as distintas empresas, dada a simplicidade e pequena entidade de aquelas.

Quere significarse que coa non división en lotes do obxecto do contrato cúmprese cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación, e cos principios de igualdade e non discriminación establecidos na normativa de contratación.

**Non aplicación do artigo 44 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.**

Sendo o valor estimado do contrato inferior a tres millóns de euros, non será susceptible de recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Selección do adxudicatario e criterios de solvencia técnica o profesional, e económica e financeira.**

Para a determinación dos criterios de solvencia técnica o profesional, e económica e financeira, que como criterios de selección incluíronse no prego de cláusulas administrativas, tivéronse en conta a súa adecuación ás características do contrato e natureza do mesmo, así como facilitar a concorrencia e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores. Sendo non obstante a finalidade principal destes criterios de selección acreditar que os empresarios están en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica necesarias para o cumprimento do contrato.

Para a selección do adxudicatario estarase ao disposto no artigo 145 e seguintes relativo aos criterios de adxudicación do contrato, sempre directamente vinculados ao obxecto do contrato. A adxudicación dos contratos realizarase utilizando una pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor calidade – prezo.



Os criterios de valoración que se recolle no prego de cláusulas administrativas se establecen para a obtención da mellor oferta en relación á mellor calidade – prezo, por un lado o menor prezo, e por outro o aumento como mellora das coberturas mínimas esixidas no proxecto técnico.

En concreto, considerase esencial sinalar o seguinte:

Primeiro. Tal e como sinala o informe técnico de 20 de maio de 2019 que obra no expediente, considérase que as obras que se pretenden realizar deben ser executadas por empresas con persoal especialistas neste tipo de obras, e que contén cunha ampla e dilatada experiencia. Por elo no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares incorpórase a necesidade de aportar experiencia por parte das empresas licitadoras nesta tipoloxía e natureza das obras que se desenrolan no Proxecto Técnico, co obxectivo que garantir a CALIDADE desexada por esta administración para a obra proxectada.

#### **Cadro resumo**

|                        |  |
|------------------------|--|
| DENOMINACIÓN           | “MEJORA EN LA INFRAESTRUCTURA VIARIA DE ACCESO AL POLIGONO INDUSTRIAL DE PORTOMARIN”.  |
| CPV                    | 45230000   |
| TIPO DE CONTRATO       | Contrato de obras  |
| ÓRGANO DE CONTRATACIÓN | Junta de Gobierno Local  |
| PROCEDIMIENTO          | Abierto Simplificado   |
| FINANCIACIÓN           | Subvención concedida por la Conselleria de Economía, Empleo e Industria.<br>Financiación: 80% Conselleria de Economía, Empleo e Industria. (76.251,74 €)<br>20 % Fondos Propios (19.062,95 €)<br>Importe: 95.314,69 euros. |
| VALOR ESTIMADO         | 78.772,47 euros  |
| PRECIO                 | 95.314,69 euros  |
| PARTIDA                | 433.619  |
| PROCEDIMIENTO          | Abierto con varios criterios de adjudicación.  |
| PUBLICIDAD             | Perfil del Contratante:<br><a href="http://www.concellodeportomarin.es">www.concellodeportomarin.es</a>  |
| REGISTRO               | <a href="http://portomarin.sedelectronica.gal">http://portomarin.sedelectronica.gal</a> .  |
| LICITACIÓN ELECTRÓNICA | Presentación Electrónica/Apertura Presencial   |
| GARANTÍA DEFINITIVA    | 5%   |
| CLASIFICACIÓN          | Non se esixe   |

En Portomarín, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde